

# **KIKIRIXOTE**

**(Aventuras e desventuras dun galo de curral)**

**Autor**

**Marcelino de Santiago Viqueira (Kukas)**

**2012**

*Un galo esta a ler diarios a eito, rosma de xeito inconexo, quizais por causa das noticias que le, tanto ri como de súpeto berra encolerizado, guinda os diarios polo ar. Murmura cacofonías, chouta como unha bola, tirase polo chan, tal é o disparate que semella co galo virou tolo de remate. Dun brinco fica enriba da mesa apaña unha regra e di:*

### **Kikirixote.-**

¡Basta, basta e basta !

Ó mundo lle falta un parafuso,

E eu serei o galo quírico

que llo ten de amañar:

Tanta extorsión

Tanta contaminación

Tantos probes

Cantos ricos

Cantos ladróns

Cantos malandros

Cantas bestas,

Cantos burricáns...

¡ Xa rematou!

Eu Kikirixote da granxa dende hoxe loitarei arreo para rematar con tódalas inxustizas.

Rematou a diversión chegou o galo e mandou parar... *(para el)* certo, pero antes teño que ser nomeado capón andante.

*Colle un desaparafusador, o examina, logo unha broca, logo un berbequí, unha tampa dunha pota, pon todo enriba dunha mesa alumeada por unha raiola dun foco que dende o exterior deixase ver por un buraco que ten o teito da capoeira.*

A luz deste luar velarei miñas ferramentas, darei fiel homenaxe *(olla unha fotografía que repaña do chan)*

¡Oh! Que bela galiña, na traseira hai algo escrito: retrato de Dulcichoca do Toboso, ¡que nome mais axeitado!, o destino quer que ela, Dulcichoca, sexa miña meta, o facho que guíe miñas pegadas, o final do meu destino... Dulcichoca que rostro tan anxelical e tan fermoso! Dulcichoca miña inspiración miña musa, de ti estou tan namorado como da tixola o pescado

*Pon a foto presidindo as ferramentas, axeonllase e vela as “armas”. Así fica toda a noite, de cando en vez canta acordando a toda granxa unha e outra vez, os animais vanse incomodando, polas falsas alarmas do galo chalado. Sae o sol o galo canta de novo, un animal moqueado guíndalle un galorcho que lle da na cachola.*

*Entra o granxeiro que leva mas mans un pequeno cazolo, o galo pega un chíó, o granxeiro asustase e fuxe deixando o cazolo que o caer o chan escacha nunha veira, o galo cólleo.*

**Kikirixote.-**

¡Oh, grandioso este helmo de... (*Olla a traseira e le a marca*) Marcelino (*axéitao na cabeza*) xusto a medida...(achegase a unha vella e derramada bicicleta, monta nela) polos bechos dunha cabra cabreada, agora que me decato, non podo ser galo andante se non teño un escudeiro.

*Entra en escena un porco grosso, un pouco torpe*

Ah querido amigo, por fin apareceste ...

**Chancho.-**

¿É a min?

**Kikirixote.-**

¿Se non hai ninguén mais aquí presente a quen poida dirixi-la palabra? A quen vai ser si non.

**Chancho.-**

¿E vostede que quere de min?

**Kikirixote.-**

Ben querido amigo, a providencia tivo a ben me outorgar a grandeza e o deber de desterrar da granxa a inxustiza, a infamia, a mentira, e si cadra a dor de barriga tamén...

**Chancho.-**

Paréceme ben estimado señor, pero non comprendo que pinto eu en todo isto...

**Kikirixote.-**

Como manda a tradición un capón andante non pode percorrer so os camiños das inxustizas, sempre ten de ir acompañado dun escudeiro, algo así como un secretario que se dedique as miudanzas mundanas tal como procurar comida, darlle herba a bicicleta, levar misivas os contrincantes, etcétera, etcétera... e aínda mais

**Chancho.-**

Entendo, so temos un problema que aínda que é pequerrecho paga a pena ter en conta

**Kikirixote.-**

Conta, di, fala, explícate...

**Chancho.-**

Primeiro falaremos do peculio, ou sexa a prata, a guita, resumindo ¿que cartos temos a nosa disposición para pagar tales mesteres?

**Kikirixote.-**

Ah, porca miseria, sempre son as miudezas as que non nos deixan resolver grandezas... Xa asemellamos humanos con tantos atrancos e estupideces... non te preocupes querido Chancho Panza: o granxeiro proverá...

**Chancho.-**

De acordo meu señor, pero non menos importante é saber cal é a minuta...Se deixo o cortello dalgún sitio terei que sacar o xantar para ter a miña piara contenta.

**Kikirixote.-**

O dito, e de ruíns matinar so nas cativezas humanas... (*Fachendoso dille a Chanco*) Querido Chanco amigo, cando liberemos ó mundo do disparate no que se atopa mergullado, prométote e dígoche que nomeareite concelleiro, non aínda mellor poñereite ó mando da aldea, fareite alcalde aínda que sexa de balde...

**Chanco.-**

Oh, meu galo e señor, quédolle moito obrigado...

**Kikirixote.-**

Que non se fale mais, emprendámolo camiño cara noso destino...  
monta nese triciclo e a camiñar díxose... quiquiriquí imos...

**Chanco.-**

¿Por onde?

**Kikirixote.-**

Pois, pois por aí...

*Vanse cantando, mais que cantar ornean desafinando todo o que queren e moito mis, neso decátanse de que os granxeiros están apañando ovos, Kikirixoteponse diante deles atrancándolle o paso, estes están ó seu e nin se dan conta da presenza do galo.*

**Kikirixote.-**

Estate quedo non te movas mal cabaleiro andante,  
Por aquí non pasaras se non dis antes que non hai galiña que se poida comparar a sen par e mais bela...

**Chanco.-**

A botella...

**Kikirixote.-**

A mais fermosa

A mais graciosa,  
A mais preciosa  
A mais gálana,  
A mais poñedora  
Dulcichoca deusa e Señora do meu corazón

**Chanco.-**

Galiña de calquera xeito

*Kikirixote acelera a bicicleta contra os granxeiros, con tan mala sorte que tropeza saíndo disparado e rodando polo chan. Os granxeiros, repañados os ovos vanse por onde viñeron sen decatarse de nada.*

*Chanco achegase a Kikirixote para auxilialo*

**Kikirixote.-**

¡Que trompada, querido Chanco, o infortunio xogoume unha mala pasada!

**Chanco.-**

Meu señor Kikirixote, está eivado  
Machucado  
Escagarriado  
E todo ensanguentado,  
Non se cura con vendaxes este accidente  
Senón con lavativas de sal e auga quente

**Kikirixote.-**

Volvemos ao pobo meu amigo,  
Preciso repousar.

*Chanco pono sobre o triciclo, recolle a vella bicicleta e vanse.*

*Entra unha pita onde Kikirixote lía os diarios que agora están todos espallados polo chan...*

**Pita.-**

Malditos diarios, eles son os culpables con tantas noticias desagradables da loucura do meu tío.

*Mete os diarios nunha trituradora, saen anacos voando polo ar.*

*Entra Kikirixote axudado por Chanco, é noite*

**Kikirixote.-**

¿De que vai isto, quen se atreveu a esnaquizar meus diarios?

**Pita.-**

Non se enfurruñe meu tío, pero asexei como o Mago de Coz entrou con sixilo, e nun minuto, sen darnos tempo para poder reaccionar, converteunos en confeti e como se dunha festa se tratase encheu os ceos de diminutos fragmentos de papeliños...

**Kikirixote.-**

Que se prepare o Mago de Coz

Vai saber quen é Don Kikirixote da Granxa (*tuse*)

**Pita.-**

Non se excite meu tío que lle volve a tose

**Chanco.-**

Que vaia rañala o Mago de Coz

**Kikirixote.-**

Pois que se vaia que eu me vou maltreito

A acougar a meu leito...

Mañá será outro día

Hoxe comamos millo con miñocas

Bebamos sangría fría

Que mañá será outro día...

*Cae durmido no leito*

**Chancho.-**

Descansa “Galo da triste figura”

*Vanse Chancho e a sobriña Pita.*

*Kikirixote ronca ten pesadelos, canta unha e outra vez, a granxa tolea, os animais espertan pensando que xa e de día, así vai pasando a noite, comeza a amanecer, Kikirixote xa repostado, mais ou menos, enche os pulmóns e anuncia a saída do sol, unha galiña cabreada guíndalle unha chinela que lle da en toda a cachola, Kikirixote cae sen sentido no leito, entran Chancho e Pita*

**Pita.-**

Olle para el, aínda durme o benditiño

**Chancho.-**

Está tan machucado que coído que tardara días en recuperarse

**Pita.-**

Deixémolo acougar que boa falta lle fai...

*Vanse os dous. Kikirixote espile, ve como o sol xa ten saído*

**Kikirixote.-**

Xa saíu o sol e eu sen anunciálo... Miña cabeciña, como anda...

*Canta a todo pulmón, a galiña de antes volta a saír a xanela e guíndalle unha tixola que lle acerta de cheo en toda a crencha, Kikirixote cae sen sentido... agora se que durme a oito soñando cos paxariños.*

*Ven a noite logo o día, Chancho achegase, Kikirixote remexese no leito. Ao notar a presenza do porquiño acorda*

**Kikirixote.-**

Ah, es ti querido Chancho Panza

**Chancho.-**

¿Qué tal se atopa esta mañá?

**Kikirixote.-**

Dóeme a cabeza como si me bateran cun galorcho cuarteleiro, nin ganas teño de anunciar como de cote a saída do sol (*a galiña asoma a cabeza pola xanela*) Mellor será que chova (*a galiña retirase satisfeita ó ver que Kikirixote non vai cantar*)

**Chancho.-**

Repouso, moita tranquilidade e repouso é o mais recomendable para recupera-las forzas, meu señor Kikirixote

**Kikirixote.-**

Lembranzas gloriosas ó meu pensamento retornan, a imaxe de aqueles adais que noutros tempos, alto e ben alto deixaron o listón da cabalería, tal foi a súa sona que a cotío presidían as mellores mesas i eran os reis dos mais succulentos manxares: meu estimado devanceiro o Galo a Pepitoria, o grande Porquiño Pata Negra, Pato ao Armagnac, Cabrito ao Espeto, e o extraordinario Foie de Oca...

**Chancho.-**

Non siga que me mareo so de pensar neles.

**Kikirixote.-**

Perde coidado estimado Chancho, estes grandes manxares so están destinados a exquisitos, gloriosos e insignes persoeiros...

**Chancho.-**

Xamón de Jabugo, Morcilla Asturiana, Lacón con Grelos...

**Kikirixote.-**

Tamén ti oíches falar deles, ¿non si?, fêrveme o sangue! ¿Que facemos aquí parados? Collamos as nosas armas, montemos nosa monturas e a desfacer agravios, animo querido porquiño, o mundo esta cheo de aventuras agardando por nos....

Por Dulcichoca do Toboso amor dos meus amores! Ala imos...  
¡Quiquiriquí!

*De un brinco sae do leito. Colle os seus trebellos, monta na bicicleta... A galiña ao escoitar o chío do galo sae automaticamente e guíndalle unha chinela que case lle da a Chanco, este que tardou en racionar, senta no triciclo e a chimpos vai tralo Kikirixote. A galiña retirase lamentando a súa mala puntería. Ledos e contentos os dous camiñan cantando, mellor dito: como de costume desafinan, algunha que outra cantiga.*

### **Kiki + Chanco.-**

Somos, somos galos bravos,  
Galos que acompañan a Colon,  
Por esas terras sempre andan en guerras,  
E os bisontes cruzan os montes,  
E os indios son moi malos de pelar...

*Os extractores da granxa comezan a funcionar, emitindo enxordecedores sons.*

### **Kikirixote.-**

Olla meu querido Chanco, o que ves non son outros que xigantes moi malignos...Malísimos ou aínda podo dicir mais: Peores...

### **Chanco.-**

Observe con tino meu Galo, á vista está que son ventiladores...

### **Kikirixote.-**

Iso é o que nos queren facer crer... faime caso, fíxate ben e verás as tétricas facianas dos xigantes financeiros, dos grandes especuladores, dos inmorais traficantes... eles son a máscara perversa da temida e terrible crise económica...

*Kikirixote sen pensalo dúas veces, botando aturuxos de guerra, votase contra eles ficando pendurado de un dos ventiladores, que despois de dar unhas voltas o guindan coma un monicreque polo ar indo a caer estampado contra a parede. Chancho achegase a socorrelo...*

**Chancho.-**

Outra vez non...

**Kikirixote.-**

¿Cómo me ves, Chancho queridiño?...

**Chancho.-**

É vostede a viva imaxe do “Galo da triste figura”

**Kikirixote.-**

¿Cómo me vou presentar con esta guisa desaguisado diante da miña amada?

*Dun chouto tira catro plumas da súa cola e fai un plumeiro con elas, e como un poseso ponse a quitar o po da armadura, da bicicleta, e de todo o que atopa por diante...*

Todo ten de ser lustroso, relucir mais co sol... ah, miña querida Dulcichoca!, cando vexas ó teu mais fervente namorado, el, ou sexa eu caerei rendido ós teus pes...Corre querido Chancho vai ao pobo do Toboso e dille a Dulcichoca que o seu mais humilde escravo a agarda para renderlle honores, para entregarlle a chave que pecha o cadeado do seu corazón apaixonado... axiña, vai coma unha chispa, e non te demores na marcha...

*Chancho colle o triciclo e vaise murmurando polo baixo, mentres Kikirixote continua co aseo. Chancho fita a tres paisanas, dúas bochudas porcas que van na compañía dunha cabrita que esta como unha cabra; o decatarse que se*

*dirixen cara onde fica Kikirixote, apresurase a darlle a nova de que a sen par Dulcichoca esta pronta a chegar diante da súa presenza. Kikirixote adobiase de xeito estrafalario para recibir a súa platónica amada.*

**Chancho.-**

Ai veñen, ai veñen , ai veñen e van...

**Kikirixote.-**

Fala claro, marrán, ¿quen ven, quen vai?

**Chancho.-**

A sen par Dulcichoca do Toboso, está a chegar.

**Kikirixote.-**

Xa a vexo, carafio, o trompazo faime delirar... vexo unha, vexo dúas, ¿ou tal vez vexo a tres?

**Chancho.-**

Si se fixa ben verá a fermosa Dulcichoca na compañía da súa corte de leais porquiñas.

**Kikirixote.-**

*(Ás rapazas)* Benvidas sexades graciosas Damas

**Cabrita.-**

Ben chegado sexas, galano galo capón

**Kikirixote.-**

*(Á chancho nun aparte)* Esta non é miña Dulcichoca, esta é unha cabra cabreada... ¡Ai, que nos deron o gato por lebre, Chancho!

**Chancho.-**

que non meu galo, o caso e que o Maligno enfeitizouna, embruxouna, e cos seus esconxuros, cas súas trampas transformouna da galiña poñedora en cabrita tola.

*(a cabra ponse a bailar, e contar sen xeito, ornea mais que cacarexa)*

**Kikirixote.-**

Esta cabra está como unha cabra

**Porca .-**

Sen faltar, galo desplumado. Xa chegaron os viláns a burlarse dos aldeáns (*bótalle un noxento arrouto a chourizo barato*)

**Kikirixote.-**

¡Cómo te atreves a falar-me dese xeito, porca márrana, rancho de a tres reais a centena...

**Chanco.-**

Deixe de cuspir mais metáforas, cálmese garrido capón, non perda os estribos, non se decata que está enfeitizada...

**Porca .-**

Deixen de rexoubar, que chegaremos tarde ó mercado...  
Prosigámolo camiño compañeira...

**Cabrita.-**

Estes dous están como cabras.

**Kikirixote.-**

Ide con ben e que a sorte vos acompañe, miña enfeitizada Dulcichoca do Toboso... (*Á Chanco*) pobriña, a cabritiña verte como unha regadeira.

**Chanco.-**

Coma unha cabra cabreada

**Kikirixote.-**

(*rifándolle*) ¿como é que dis Chanco?

**Chanco.-**

Como unha cabra mareada

**Kikirixote.-**

Iso

(*cantando*) De a Mancha, Manchego

Que hai moito viño

Moito pan, moito aceite  
Moito touciño...  
E se vas a La Mancha non te alborotes  
Porque vas á terra de don Kikirixote,  
De Don Kikirixote, nena, Kikirixote.  
E se vas a La Mancha non te alborotes...

*Entra na escena unha especie de carruaxe escangallado, que o conducen dous elementos, un é un corvo con bonete de maxistrado e lentes, o outro é un moucho miope que porta unha cámara de cine.*

**Kikirixote.-**

¿A onde ides tan axiña, Maxistrados?

**Corvo.-**

¿Vostede aínda non se apercibiu?

**Moucho.-**

Pero, ¿en que mundo vive vostede?

**Corvo.-**

Imos a oficiar o casoiro do cacique Cápacho, o mais poderoso  
e ricacho can de toda a bisbarra...

**Moucho.-**

Casoiro sen par, casará coa afamada vedete RariPompis Culote

**Corvo.-**

¡Xuntaranse a fartura coa fermosura!

**Moucho.-**

Casoiro sen par, si señor, haberá convidados a centos

**Corvo.-**

Suculentos manxares a millares: estufados, asados, guisados,  
grellados, sobremesas, pasteis, viños, licores, tisanas, cafés, froitas

**Moucho.-**

Deixémonos de latricar, señor Corvo, que vostede ten que oficiar a cerimonia e este humilde servidor inmortalizar ó evento. Tódolos medios de comunicación me han pagar millóns polas miñas ilustracións.

**Corvo.-**

Se queren pódenos acompañar, collan as súas monturas...

**Kikirixote.-**

Pero, ninguén convidounos.

**Corvo.-**

Que mais ten, entre tanta concorrencia ninguén se decatara da súa presenza

**Chancho.-**

Imos que onde collen dous collen tres. *(Aparte)* aínda vou quedar sen xantar...

*Vanse todos a lume de carozo, así chegan a unha grande mesa que esta chea de comensais comendo como curas. No centro, presidindo a cerimonia esta o Cápacho un grande Bulldog e unha pequinesa ataviada de eróticos europeis, suspira mal de amores allea a enchente. O Moucho voa deica unha pola, amaña seus aparellos e comeza a gravar a cerimonia.*

*O Corvo rosma polo baixo verbas en latín incoherentes, con unha campáña chama ó orde, todos calan de súpeto, música nupcial, o noivo agarda pola noiva o pe do altar –cerimonia moi ó Ianqui- a noiva de vagariño como año que vai ao matadoiro, achegase ó altar, neso un garrido Chucho, interrompe a cerimonia, a noiva finxe desmaio, o Chucho dun áxil chouto ponse encima da fachendosa e branca torta do casoiro*

**Todos.-**

*(berrando)* ¡Ahhhh!

**Moucho.-**

Arre xa, hoxe si que pillei a rodaxe do millón...

**Chucho.-**

Detervos ladróns de corazóns, esa doce e lene cadelinha, aínda que e pequerrechiña, me pertence!...

**Cápacho.-**

¿Quen o di?

**Chucho.-**

¡Eu!

**Cápacho.-**

¿Ti?

**Chucho.-**

Si, eu o seu mais fervente amador namorado, eu o apaixonado can Chucho.

**Cápacho.-**

Que o deteñan, farrapeiro hippy, pioloso can sen liñaxe mal aquelado, can de palleiro, ollade que porte miserento, que ridículo traxe...

*Chucho botándolle drama ao conto se espeta unha faca no costado do que de súpeto comeza a verter sangue a cachón*

**Chucho.-**

Que aprendan as xeración futuras como morre un namorado, se o seu amor é rematado...

*Rari Pompis achegase a Chucho e bícao nos beizos*

**Chucho.-**

Agora que o meu fin chegou, só un desexo desexaría ver cumprido

**Cápacho.-**

Fala valente Chucho

**Chucho.-**

Querería, desexaría...

**Capacho.-**

Dispara o cartucho

**Chucho.-**

Desexaría, oh, egoísta de min... casar coa bela Rari Pompis, e acto seguido finar, deixando viúva que case nin foi casada...

**Kikirixote.-**

Non lle falla a razón ó cadelo, unha vez morto o can acabouse a rabia, e a linda cadeliña, que asemella estar en alza, poderá entón casar con tan enorme can, e así xuntos poderán gozar dunha vida regalada...

**Corvo.-**

Ten razón o Kikirixote, e si don Cápacho non se opón, que case Rari Pompis co desafortunado rapaz...

**Cápacho.-**

Por min non hai inconveniente, unha obra de caridade non se lle nega a un moribundo

**Kikirixote.-**

Que principie a cerimonia, entón.

**Corvo.-**

Atopámonos aquí presentes para xunguir en matrimonio a estes dous parviños, ¿Can Chucho queres por esposa a fermosa Rari Pompis?

**Chucho.-**

Como non vou querer, si por ela morro.

**Corvo.-**

¿Rari Pompis e ti queres por marido ao can Chucho?

**Rari.-**

Si, quero

**Corvo.-**

Pois eu declárovos marido e muller... si as forza te deixan podes bicar a noiva, aínda que non mais sexa por seguir o protocolo.

*O can Chucho bica a noiva apaixonadamente, Cápacho nervioso aguanta con tempero pois Rari Pompis corresponde ao Chucho na súa paixón.*

*Dun brinco o Chucho erguese cunha saúde de ferro, deixando perplexos ós convidados, Chucho entón tira a faca do costado, esta cravada nunha cana que verte salsa de tomate.*

**Cápacho.-**

(ó corvo) Esto é unha aldraxe, anule a cerimonia, é unha orde...

**Corvo.-**

Eu so teño autoridade para casar non para separar.

**Cápacho.-**

Falarei co alcalde, co ministro, co rei se fai falla, pero esta aldraxe non ha quedar sen castigo.

**Kikirixote.-**

¿Quen o di?

**Cápacho.-**

Dígoo eu e acabouse

**Kikirixote.-**

Os ruliños son novos, don Cápacho, e quérense, que mais lle ten a vostede que é tan garrido cabaleiro, non ten comparanza con ese can de palleiro, non ve que é un farrapo de gaita, deixe que se vaian que mellores cadelas beben os ventos por vostede...

**Cápacho.-**

¿E que hei facer coa comida?, si non hai casoiro non hai papatoria, ¡que desperdicio de larpeiradas!.

**Kikirixote.-**

Por que non imos a outras romarías, deixemos que os mozos se divirtan, don Cápacho, que xanten deica estoupar, que gocen agora que aínda poden, a xuventude logo se vai.

**Cápacho.-**

Aínda quero quedar un pouco.

**Kikirixote.-**

Imos don Cápacho que xa di o refrán: non se fixo o caviar para a boca dun porco...

**Cápacho.-**

Pero, eu son un can.

*Vaise a comitiva deixando ós mais novos celebrando o casoiro de Chucho e maila Rari Pompis que cantan e bailan... Namentres o Moucho roda os acontecementos como un hábil reporteiro dicindo epítetos a destro e sinistro.*

*A noitiña Kikirixote e Chanco achéganse á pousada, cansos apuran o viño que lle ofrece o taberneiro, poñen a funcionar un vello televisor, nel aparece a imaxe dun adiviño astuto é o Maese Perro, que encarándose a Kikirixote dille con voz de ultratumba.*

**Maese Perro.-**

Eu sei o pasado, o presente e o subxuntivo dos aquí presentes, vexo, ao sobranceiro capón Don Kikirixote o que esta a rañar o cocote e tamén vexo ó seu fiel camarada o rancho Chanco Panza. Vexo, vexo, ¿que vexo?

**Kikirixote.-**

¿E ti que ves?

**Maese Perro.-**

Vexo unha cousiña

**Kikirixote.-**

¿Que cousiña é?

**Maese Perro.-**

Vexo ó desfacedor de enguedellos, ó galo mais namorado da bela e sen par Dulcichoca do Toboso.

**Kikirixote.-**

Esta a falar de min... ¿e como me chamo?

**Maese Perro.-**

E vos mo preguntades, quizais non sabedes voso nome, ou algún mago vos fixo perde-lo xuízo?, oh, valente Kikirixote azote dos ruíns, brazo protector dos caídos e consolo dos desgraciados... vos sodes o que loitou contra feros xigantes disfrazados de muíños, o que baixou as profundidades del Averno, á cova de Montesiños onde o bruxo Merlín mora nun alcázar de vidro, onde ten enfeitizados ó seu primo... digo: primo aquí, primo ala, primo acola, bota viño taberneiro que este primo pagará...

**Chancho.-**

Acredito que habilidades para adiviñar non lle faltan, pero ¿que mais podedes ofertar para deleite dos aquí presentes?

**Maese Perro.-**

Saiban vostedes que amais de vidente posúo outras artes que aínda que non son adiviñas son festeiras: son titiriteiro dos de antes, como ben poden acreditar o tío Quirico e tamén Gusarapo.

Si teñen a ben acomodarse no palleiro a función poderei principiar, poñan os presentes atención co mono Trujaman comezará o relato.

*Maese sae da televisión e metese nun retablo ao uso, mentres o pousadeiro a súa dona e algún que outro, dispóñense a ver a presentación. Sae o mono Trujaman que comenta o que vai acontecendo cos bonecos, estes si teñen forma humana. Todosponse gafas*

### **Trujaman.-**

Esta historia verdadeira que aquí se representa esta sacada ao pe da letra das contas de crédito Francesas e dos políticos contos chineses españois que andan en boca das xentes. Trata da liberdade que lle deu don Banqueiro a súa conta corrente e a Prima de Risco que ficaban cativos na caixa forte no país de Moito Morro que hoxe en día dinlle Suíza. E miren a ese especulador chamado Rapineino que a ten a bo recado, mais esa figura que aparece nun convertible é don Banqueiro que esta a falar cos seus cartos duns grandes xuros e deciden ir a vivir a un paraíso fiscal onde evadir impostos. A Pasta se descolga do caixeiro automático e fuxe co subversivo banqueiro creando un “curraliño”...os demais banqueiros, especuladores e políticos corren tras dos amantes querendo darlle caza... o caruncho á orden dun dos xefes ponse a roer hipotecas e xuros aumentando os intereses e aplicando desafiuzamentos a destro e sinistro...

### **Kikirixote.-**

Non hei consentir eu na miña presenza que se engane ó famoso Banqueiro tan atrevido e namorado da fortuna... detédevos canallas, non sigades repañando, ¡detédevos senón comigo sodes na batalla!

*Posuído, como un galo de pelexa comeza a liorta esnaquizando a maioría dos monicreques*

### **Maese Perro.-**

¡Pare, desgraciado que me destrúe todo o convenio colectivo!, Advirta que estes que derriba, escacha e mata non son verdadeiros especuladores, se non figuriñas de cartón pedra..

### **Kikirixote.-**

Quixera ter aquí diante os que non crean que hai financeiros,  
estraperlistas e traficantes que so adoran ó poderoso cabaleiro que o é:  
don din don, don Diñeiro...

**Maese Perro.-**

E agora que vai ser de min se esnaquizou tódalas miñas  
reliquias, miñas marionetas herdadas ...

**Kikirixote.-**

Aló menos terei a ben paga-la desfeita causada por unha boa  
causa...Poña prezo os turuleques... Chancho paga...

**Chancho.-**

Pero si non teño nin unha futura peseta...

**Kikirixote.-**

Bo casoiro o do can Chucho coa bela Rari Pompis, si señor (*vaise  
o despiste*)

**Maese Perro.-**

E a min ¿quen me paga os bonecos?

**Chancho.-**

Facturas e hipotecas...No banco reclamarás: débedas e letras...

**Maese Perro.-**

Pero, ¿en que banco dis?, debedor do carafio

*Chancho sinalando un vello e escachado banco de madeira que quedou en pe  
despois da loita de Kikirixote.*

**Chancho.-** Ese...

*Kikirixote e Chancho proseguen o seu peregrinase deixando atrás ao atónito  
titiriteiro e cuadrilla*

**Kikirixote e Chancho.-** (*Cantaruxando*)

Eu de aquí ausenteime  
Moi lonxe fun a vivir  
Deixei ao titiriteiro chorando e suspirando  
Monicreque por ti...

*Entran en escena unha gata cun velo que lle tapa a cara, un pavo real,  
Kikirixote mándalles deterse.*

**Kikirixote.-**

¡Alto a comitiva! ¿Quen sodes e a onde ides?

**Parvo Real.-**

Somos executivos activos... e vostede, ¿quen ven sendo?

**Kikirixote.-**

Son o desfacedor de agravios...

**Parvo Real.-**

Non me diga mais, vostede é aquel do que falan os telexornais, os  
emilios, os correos e os rexoubes: o grande Kikirixote da Granxa...

**Chanco.-**

O mesmiño que viste e calza

**Parvo Real.-**

A vosa faciana asemella estar triste, ¿que cousa vos aflixe?

**Kikirixote.-**

A miña ben amada, a sen par Dulcichoca esta encantada e mais que  
unha fermosa galiña asemella unha cabra montesa...

Canta, ri, desafina,

Chouta, brinca desatina

Coma unha cascuda na cociña...

**Gata.-**

Outra vez facendo das súas...

**Parvo Real.-**

Maldito Troiano

**Kikirixote.-**

¿Quen é ese Troiano?

**Gata.-**

É un virus virulento que se mete por dentro dos circuítos integrais dos seres débiles, roubándolles a chaveta... dimo a min que cando teño que sumar resto, e por vez de restar multiplico, na miña cabeza de súpeto saíume unha división que me fai fea un montón...

*Retira o velo deixando ao descuberto a súa fealdade*

**Parvo Real.-**

Nosoutros licenciados, señores dos ordenadores non fomos quen de dar co antídoto que remate co intrigante virus Mambruno

**Kikirixote.-**

Sóame ese nome: Mambruno cara de aceituno

**Gata.-**

É o terror do sen amor, si señor

**Kikirixote.-**

¿Que poderei facer para vencer o feitizo do ruín Mambruno?

**Parvo Real.-**

Din os oficiosos boletíns que quen domar puidese ao cabalo Clavileño, cabalo nacido dun cravo e unha leña, poderá navegar os infinitos mundos da des informada, estartelada, e desordenada informática e así poderá solucionar o problema rematando co mal que nos aquela, desencantando a sen par Dulcichoca que vovera a ser doce e bela, fermosa e graciosa coma unha gasosa...

**Kikirixote.-**

Pronto, traédeme ao cabalo Clavileño, serei eu quen de domar a tan esdrúxulo adverbio.

*Entran un fato de formigas que portan un cabalo de imitación a antigo, de eses que venden nos chinos a mancheas.*

*Kikirixote monta nel, as formigas co peso moven o cabalo tentando que non caia, Kikirixote cre que o esta a domar, e mentres da berros de ¡Xo cabalo!, ¡Hiiiipp! Etcétera. As formigas pousan o cabalo no chan, Kikirixote cre que xa o ten domado.*

**Kikirixote.-**

¿E isto foi todo, que mais teño que facer para liberar a miña amada?

**Gata.-**

Non pode ser que tan dificultosa viaxe a faga so un cabaleiro, e xusto e mais doado que o acompañe un compañeiro

**Kikirixote.-**

Arriba Chancho, ¿quen dixo medo?

**Gata.-**

Non esquecer que dentro dos ordenadores unha luz cegadora non vos deixara ver o camiño, por iso é preciso tapa-los ollos, a cegas e so ca visión do corazón atoparedes ao malvado xigante nigromante Mambruno...

**Kikirixote.-**

Tapádenolos ollos. E que comece a viaxe... ¿que pasa?, isto non se move...

**Parvo Real.-**

Como se vai mover, primeiro haberá que poñelo en marcha

**Kikirixote.-**

¿Cómo?

**Parvo Real.-**

Prema o cravo que está no medio do pescozo do cabalo, e ide ao xeito que este é de turbo inxección.

**Kikirixote.-**

Perda coidado Don Parvo... Chancho amárrate forte que aló imos

**Chancho.-**

Agardemos que non sexa outra tolería...

*Kikirixote preme o cravo, as formigas comezan a abalar o cabalo, a Gata dálle unha descargas eléctricas con unha batería, o Pavo os afuma cunha sulfatadora...*

**Chancho.-**

Meu señor que dolor, estas descargas eléctricas... cacho calambrazo

**Kikirixote.-**

Aguanta, Chancho, temos que estar pasando por unha tormenta eléctrica, aguanta que podes provocar un cortocircuíto...

**Chancho.-**

*(Tusindo)* Este fume non me deixa respirar, ¡estou abafado!

**Kikirixote.-**

Non teñas medo, meu siso dime que son as malas artes de Mambruno que quere espantarnos...

**Chancho.-**

¡Que horror! Penso que comigo acertou

*Hai un forte estrondo, Kikirixote e Chancho van polo ar a van caer enriba da Gata que lle cae da faciana o pau da división.*

*Tódolos contables axeónllanse os pes de Kikirixote rendéndolle preitesía.*

**Parvo Real.-**

Pidan o que desexen valentes liberadores, que si nas nosas mans está o poder satisfacer vosos desexos cumpridos serán neste intre.

**Kikirixote.-**

Para min bastante premio é vervos libres gas gadoupas Troianas do viroso Mambruno... mais se por casualidade puiderades valervos das vosas influencias para agasallar a Chanco cun postiño, xa sabedes, deses dos que por diante se opositan e por tras auga bendita...

*A Gata fala por un telefono móbil...*

**Gata.-**

Imos ver, escribo, marco, navego, agardo e a resposta obteño... so queda a dispor unha praza de alcalde na illa dos biosbardos... non quixen dicir Bararataria.

**Kikirixote.-**

Vaille ben, Alcalde aínda que sexa de balde!

*Por arte de maxia, Chanco é transportado a unha mesa chea de chirimbolos na que hai unha cadeira no centro, un proxector debuxa salas de pazos barrocos. Chanco pon unha capa vermella chea de trebellos dourados e pedrería barata, na testa póñenlle un ostentoso chapeo das mil e unha noite, danlle a vara de rexedor, e unha vez emperiquitado o chantan na cadeira... entra o secretario que é un pingüín acatarrado.*

**Pingüín.-**

Meu señor don Chanco se nos da licencia principiámo-la sesión...

**Chanco.-**

Principiaremos logo...

**Pingüín.-**

Como xa saberá súa señoría, é costume antiga nesta illa, que quen ven tomar posesión de alcalde esta obrigado a responder a unha pregunta que lle han facer, e que sexa algo enguedellada e dificultosa, e segundo a resposta a xente do pobo saberá si seu novo alcalde é digno ou non do seu nomeamento.

**Chanco.-**

Pois imos aló que eu responderei o mellor que poida, entristézase ou non o pobo.

**Pingüín.-**

Temos o caso escaso dun coello que di que un raposo quitoulle seus diñeiros.

*Entra un coello e un raposo*

**Coello.-**

Señor, a este mal bicho, presteille fai un días dez euros coa condición que mos devolvera cando eu llos pedira. Pasaron moitos días e coidei que se descoidaba na paga, reclameillos unha e outra vez, e non so non mos devolve seno que nega que llos prestei, e outras veces di que si lles deixei xa mos ten devolto... tome vostede xuramento, que si el di que mos ten devolto eu llos perdoo.

**Chanco.-**

¿Qué decides vello e astuto raposo?

**Raposo.-**

Confeso que mos prestou... baixe a súa vara que sobre ela xurarei que llos teño devoltos.

*Chanco baixa a vara, o raposo da a súa caxata ó coello para poder facer o xuramento.*

**Raposo.-**

Di o coello e di ben que me prestou dez euros, pero mais certo é que llos teño devolto a súas propias mans.

**Chancho.-**

Imos ver, acredor, ¿é certo o que di o debedor?

**Coello.-**

Eu o teño por ser de lei, si el di que mos devolveu, pois así debeu de ser...

**Raposo.-** *(Collendo a caxata de novo e índose)*

Beizóns magnánimo alcalde

**Chancho.-**

Agarda meu, xa que o litixio teño aquelado como pagamento reclamo esa caxata que os meus aniños boa falta me fai...

**Raposo.-**

Pero, eu son un vello eivado, sen ela ¿cómo me hei mover?

**Chancho.-**

Ou son o maior paspán do mundo ou ti queres darmas con queixo

*Colle a caxata apoiase nela, esta racha deixando ceibes os dez euros*

**Todos.-**

É mais sabido que Salomón

**Chancho.-**

Canso son, esta sentencia abriume o apetito, Mestre Pingüín, ¿non haberá por hai un bocado para un traballador famento?

**Pingüín.-**

Non faltaría mais, as súas verbas son ordes.

¡Que entren os camareiros!

*Entran varios camareiros, van poñendo succulentos pratos nunha mesiña que esta a súa beira, a cada prato que lle mostran, cando Chancho o vai coller para saborear, o Pingüín tirallos de diante...*

**Pingüín.-**

Coidadiño meu señor non lle vaia sentar mal...

Contrólese que a gula é mala para o siso...

Iso non, que pode ter veneno...

Canibalismo non, non ve que se trata de morcillas Burgalesas...

**Chancho.-**

Pero logo, ¿que hei comer?

**Pingüín.-**

A fame agudiza o enxeño!

*Niso que estra unha toupa correndo*

**Toupa.-**

É a revolución, ás armas que nos atacan financeiros estranxeiros (*a Chancho*) oh, sobranceiro señor guíenos nesta contenda... É a guerra, é a guerra!

*O pingüín ponlle a Chancho un “sándwich” publicitario que reza por unha parte “compro oro” e pola outra “Vótalle a min”. Unha vez ven amarrado, de xeito que case non lle deixa mover, todos corren a eito tirando a Chancho, pasan por riba del, unha ovella negra ponse enriba de Chancho e berra consignas que non se entenden, un moucho periodista que vai describindo os sucesos como si de un partido de balón pe se tratara, óense de fondo sons de sereas cada vez mais forte...*

**Moucho.-**

A cuestión é contundente, un contable apaña un fato de documentos, un bolseiro o quere deter, o contable canea, pásalle os documentos a un axente financeiro, este fai unha bola, un varredor ponlle unha trabadela mais o axente con maña coloca a un enchufado no camiño e o varredor se esfociña no mais ridículo da estafa manifesta; o financeiro vai colocar outro fraude mentres é apoiado polos especuladores... unha moratoria recolle o balón co que osixena a débeda externa... e un trosma despistado tropeza con el, señores, a pelota alimenticia vai parar a mans de un parado que por alí pasaba, este non sabendo que facer con ela mételle un punteirolo e a burbulla financeira vai a para a mans dun Xuíz Arbitro que da por rematada a liorta dando como vencedor ao equipo da illa...

*Silencio total... entra o topo dicindo...*

**Toupa.-**

Ganamos!, Campíós, Campíós...!

**Moucho.-**

A xentalla afervoadada aclama o seu Alcalde, (*o mantean*) intentan poñelo no mais alto...

*Chanco nun despiste da multitude apaña ar e esfumase, tal como apareceu, nun abrir e pechar de ollos monta no triciclo e vai a par de Kikirixote.*

**Chanco.-**

Non me pregunte nada, amigo Kikirixote, a política profesional e seu goberno fiquen no inferno, eu prefiro ter ao mundo por fronteira e a liberdade por bandeira...

*Entra o granxeiro, Kikirixote ponse nervioso ao velo, o granxeiro mete os ovos nun queipo, logo dunha artesa saca unhas botifarras.*

**Chancho.-**

Ese arrecendo lémbreme a meu curmán Marrán

**Kikirixote.-**

Disimula Chancho, que este non é outro que o afamado cabaleiro da Media Botifarra...

Ah, maldito que xamais rendiches honores a mais bela, ela Dulcichoca do Toboso...

Axiña as pagar a túa ofensa!... ¡deféndete covarde!

*Kikirixote lanza ergueita, a todo pedal botase contra o granxeiro, pero este agachase como para recoller algo do chan, Kikirixote vai polo ar e espetase contra a parede... o granxeiro colle as súas cousas e vaise alleo a todo o rebumbio.*

*Chancho axuda o malparado soñador a baixarse da lanza... Kikirixote non deixa de laiarse. Chancho móntao no seu triciclo e lévao ao leito. Entra a sobriña Pita, e conspira con Chancho para que Kikirixote non volva as andadas*

**Pita.-**

Xa é tempo de que o meu tío acougue na casa, a súa idade xa é avanzada, seu siso no rexe con moita cordura, ¿que podemos facer?

**Chancho.-**

Démoslle novelas de cabalería...

**Pita.-**

Diso nada, monada, si os diarios reviráronlle a cordura, as novelas serán droga dura...

**Chancho.-**

Pois conectalo a televisión sería outra solución.

**Pita.-**

Sáimos de Guatemala e imos para Guatepeor... Chancho é que non te decatás, a televisión cos seus programas de información, telexornais informando de guerras, asasinatos, latrocinios, mentiras, conspiracións, desfalcos, traizóns... e non falemos dos programas do corazón cos seus rexoubes, amores e desamores...

**Chancho.-**

¡Xa o teño!

**Pita.-**

¿Cal é a nova solución?

**Chancho.-**

O vídeo, que mire películas a eito, sen mensaxes publicitarios...

**Pita.-**

Con probar non perdemos nada...

*Póñenlle unha pantalla conectada a un vídeo, os pes do leito. Comezan a pasar imaxes a lume de carozo, o son cada vez mais rápido hasta facerse intelixible...*

*Un reloxo marca o paso das horas a lume de biqueira, un calendario vai marcando os días, os meses que pasan sen tregua. Kikirixote que mira películas, extasiado, de súpeto de un chouto ponse enriba do televisor, Chancho e a sobriña Pita entran no cuarto, asustados de tanto barullo.*

**Kikirixote.-**

Amigo Chancho, chega xa de tanto ocio... cando tanto disparate, tanta hipocrisía... avogados, xuíces, políticos corruptos... tanta violencia institucional... Romanos, vaqueiros, leóns, marcianos... odios amoríos, conspiracións, ladros, desvaríos: todo remexido!...

Desfagamos ese revirado entorto!... ¡Hollywood nos agarda, querido Chancho...

**FIN**